

VALORES. SEMANA 1-5 XUÑO



Ana e María son moi amigas pero moi diferentes. Ana é morena, baixa e extrovertida. Gústalle nadar e xogar a baloncesto. María é rubia, alta e gústalle moito ler.

Cando están xuntas pasan horas e horas falando sin parar. A Ana gústalle moito que María lle conte o argumento das novelas e dos libros que le.

Hoxe foron á praia con Eva, a nai de Ana. Cando chegaron á praia María non quere meterse na auga porque lle da medo. Di que é un desastre e que non pode facer nada nin xogar a ningún deporte sen caer ao chan. Ana non entente por que a súa amiga fala así. E como se non se decatara do lista que é!

1. Ana non entende que lle ocorre a súa amiga, non sabe por que a miúdo está triste e di que é un desastre. Que crees que lle acontece a María?

- A Ten unha autoestima alta.
- B Ten unha autoestima baixa.
- C Ten pouco espírito deportivo.
- D Ten pouco sentido da responsabilidade.

2 María e Ana charlan na praia. Ana dille que debería valorarse máis e María dille que leu un libro que fala desas cousas. Ana esqueceu algunhas das explicacións de María. Axúdalle a relacionar ideas e definicións.

Empatía	Capacidade para idear, inventar ou emprender cousas mostrando creatividade.
Iniciativa	Capacidade de facer as cousas por un/unha mesmo/a sin depender doutras persoas.
Autonomía	Capacidade para comprender e compartir os sentimentos e emocións dos demais.
Autoestima	Capacidade para cumprir coas nosas obrigas e asumir as consecuencias dos propios actos.
Responsabilidade	Valoración que facemos de nós mesmos, das nosas cualidades e características persoais.

3 Ana e María pasaron un día moi divertido e decátanse de que son grandes amigas. Por que crees que Ana e María son tan amigas?:

- A Porque Ana e María teñen a mesma idade.
- B Porque as súas nais obríganlles a ir xuntas á praia.
- C Porque se parecen moito e sempre lles gustan as mesmas cousas.
- D Porque cada nena aprecia as cualidades da outra persoa e porque se axudan.